

Canido ama o galego

Alumnos deste instituto de Ferrol recuperan a toponimia do barrio: rúas, fontes e cemiterios

PATRICIA HERMIDA

En que momento deixamos de soñar en galego? Cando empezamos a esquecer o idioma co que nos criaron no colo os nosos avós? O preocupante informe do Instituto Galego de Estadística indica que menos do 50% da poboación emprega o galego como lingua habitual, por primeira vez na historia. Pero entre os máis novos aínda queda un chisco de esperanza. Sobre todo en Canido (a colina de Ferrol). Os alumnos do instituto acaban de crear un libro sobre a toponimia do barrio, coa axuda dos maiores da zona e a colaboración da asociación Muíño do Vento. Unha auténtica declaración de amor ao galego e ás raíces de Canido.

Rapaces de Primeiro da ESO e Primeiro de Bacharelato participaron neste proxecto, con 164 fichas sobre topónimos ou lugares do barrio elaboradas a partir de 37 informantes. Como indica o alumno Gabriel, "os entrevistados foron maiores de 50 anos que levaban polo menos 15 anos en Canido". Algúns veciños mesmo elaboraron un plano das rúas, camiños e hortas antigas: algunhas e Ferrol.

A orixe dun monte de canas silvestres: Horta, Tafona, Estrela, Beiramar, Alegre, Cruceiro

Na búsqueda das raíces do barrio, o primeiro topónimo investigado non podía ser outro que o propio Canido. Algúns estudosos apuntan que o significado podería atoparse en Casal do Anido. "Pero a maioría dos investigadores relacionan o nome do barrio coa abundancia neste espazo dun tipo de canas silvestres", sinala a alumna Daiana. Para facer este traballo, os rapaces do

instituto trataron de conservar "os nomes do barrio que xa se están perdendo". Outra alumna, Natalia, explica que "o proxecto tamén busca a normalización lingüística". Aparecen hortopónimos (relacionados co relevo) como Horta, hidrotopónimos (auga) como Beiramar, fitopónimos (prantas) como o propio Canido ou ergotopónimos (actividades humanas) como Tafona